

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 76 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A loita continúa

O mes de marzo decorreu intenso para a CIG con mobilizacións e folgas diversas; coas xornadas reivindicativas do Día Internacional das Mulleres Traballadoras, o 8 de Marzo; do Día da Clase Obreira Galega, o 10 de Marzo, e coa entrega dos Premios cos que a central sindical reconece as loitas protagonizadas por homes e mulleres bravas contra a precariedade e pola dignificación das súas condicións laborais.

A CIG, o primeiro sindicato de Galiza, é a constatación do triunfo do camiño iniciado coas loitas do ano 72, primeiro en Ferrol e despois en Vigo. Un camiño que conformou o que somos e representamos: o sindicalismo nacionalista e de clase, pola convicción de que somos quen de valernos de instrumentos propios para conquistar a nosa emancipación social, nunha nación negada nos seus dereitos e espoliada nos seus recursos, que quere autodeterminarse como única forma de acadar o obxectivo estratéxico que temos como central sindical: unha Galiza ceibe e sen explotación.

Facémolo interpeladas e interpelados pola acumulación de loitas que a diario protagonizamos. Loitas que lembran que de nada vale termos a maioría sindical se non é para demostrar a capacidade que temos como sindicato para confrontar, transformar a realidade e conseguir, coa mobilización nas rúas e nas fábricas, unha mellora real das condicións de traballo da clase traballadora galega.

Porque cando dicimos que o sindicato é poder referímonos á enorme capacidade e potencial que ten a clase traballadora galega, á unidade e á solidariedade de clase, que hoxe é máis importante que nunca.

Neste camiño, a CIG arrincou o 2024 coa campaña "Stop precariedade! Traballo digno", lema baixo o que saímos á rúa para reclamar un Marco Galego de Relacións Laborais o 10 de Marzo, e para denunciar



que, hoxe, ter traballo non garante condicións de vida dignas. A pobreza medra entre a clase traballadora non pola carestía da vida, senón por mor dos baixos salarios provocados polas sucesivas reformas laborais. A última foi a aprobada, hai dous anos, polo autodenominado goberno máis progresista da historia.

Non é casual que transcorridos estes dous anos non se erradicase a precariedade, nin os baixos salarios, nin as denigrantes condicións de traballo. Por iso, nos vindeiros meses intensificaremos esta campaña, para combater esta realidade e elevar as nosas propostas fronte ás constantes agresións que sofre a clase traballadora.

Premios 8 e 10 de Marzo

Cos Premios 8 e 10 de Marzo queremos evidenciar a capacidade de loita acumulada que ten a clase obreira galega. O resultado electoral do 18 de febreiro non foi o que nós queríamos, porque apostabamos por un cambio. Malia isto, é unha oportunidade para, desde o nacionalismo galego e a forza

que ten nel o sindicalismo nacionalista, confrontar coas políticas dun Partido Popular que só entende unha Galiza desde a submisión, a dependencia económica, social e cultural e a erradicación suicida do noso pobo.

Polo tanto, estamos chamados a facer da loita, da mobilización, da capacidade de resistencia que demostramos nos conflitos que protagonizamos, unha aposta de futuro nos próximos meses. Non pode ser que a resignación e a frustración suma a sociedade na desesperanza, achandando o camiño cara ao fascismo ou, no Estado español, cara ao brutal españolismo que practican tanto a chamada esquerda, como a dereita, coa centralización das relacións laborais e da toma de decisións políticas.

Poñamos todas as nosas capacidades en crear organización, en sumar cada vez máis homes e mulleres para enfrontar os conflitos e demostrar que o pobo galego, a clase traballadora galega, somos quen de valernos por nós mesmos sen ningún tipo de dependencias. Porque a mobilización e a loita son o único camiño.

A CIG reivindica o carácter de clase do Día Internacional das Mulleres Traballadoras

Conmemorou o 8 de Marzo con mobilizacións en todo o país

As mulleres da CIG tomaron prazas e rúas de cidades e vilas galegas o 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras, para denunciar a precariedade que padecen -a escravitude do século XXI- en forma de contratos temporais, fixos discontinuos ou a xornadas parciais; rexeitar as desigualdades campantes no mercado laboral e reclamar traballo digno.



Unha precariedade que para a secretaria das Mulleres da CIG, Nicolasa Castro Monteiro, é a que caracteriza a situación laboral da maior parte das traballadoras en Galiza, que se inicia “no momento mesmo no que as mozas acceden ao seu primeiro traballo e que dá nunhas condicións de xubilación “indignas”, achegándose a fenda salarial das pensionistas ao 34%.

“As mulleres estamos fartas de ser man de obra de segunda, barata ou mesmo de balde nos traballos do fogar –cobramos de media 4.519€ anuais menos que os homes en 2022 e máis do 40% das asalariadas non acadaron o SMI. Estamos fartas de ter que aceptar contratos a tempo parcial– o 75,7% dos contratos parciais son de mulleres- por termos que asumir, queirámolo ou non, os coidados na familia ou simplemente porque nos se nos ofrecen outras posibilidades. Estamos fartas dos contratos temporais, que impiden que poidamos ter

unha mínima seguridade para facer a nosa vida”, denunciou.

Por iso exixiu que se valoren as actividades dos sectores “feminizados”, o acceso a todas as categorías e a fin de complementos salariais con nesgo de xénero. “As traballadoras na Galiza xa non aturamos ser seres humanos de segunda. Exiximos condicións de traballo e salarios dignos, xubilación digna, facilidades para a conciliación da vida familiar e laboral e servizos públicos de calidade”.



Neste sentido, as mulleres da CIG denunciaron tamén que a incorporación das mulleres ao traballo remunerado “non veu acompañada dun cambio de modelo social en que o coidado á familia e persoas dependentes sexa asumido polas

institucións públicas e repartido de forma equitativa entre as persoas adultas sen importar o xénero”.

Revalorización dos coidados

Tamén clamaron contra unha división sexual do traballo que “segue lastrando as condicións laborais e formativas das mulleres” e reclamaron unha revalorización dos traballos de coidados e servizos públicos de coidados con carácter universal, ao alcance de todas as persoas, independentemente da

súa renda, “para que deixen de ser un negocio á custa da precariedade das traballadoras e das deficiencias para as persoas usuarias”.

Un panorama diante do que Nicolasa Castro quixo lembrar o carácter de clase que ten a conmemoración do 8 de Marzo. Unha

xornada “combativa” na que as traballadoras remuneradas cun salario, xunto coas desempregadas e as que dan o seu traballo de balde para soste as condicións de vida das familias denunciaban xuntas todas as discriminacións que sofren polo feito de ser mulleres.



Por unha nova lexislación laboral e un marco galego de relacións laborais

A CIG saíu ás rúas o Día da Clase Obreira Galega

A CIG conmemorou o Día da Clase Obreira Galega con mobilizacións nas sete comarcas para dar resposta á grave situación de precariedade e pobreza que atravesa a maioría social e reivindicar un marco galego de relacións laborais. Como non podía ser doutro xeito, o acto central da xornada foi en Ferrol, onde se realizou unha manifestación e a tradicional ofrenda floral no monumento ao 10 de Marzo.



Para a CIG esta é unha data de loita e reafirmación. Por iso, o secretario xeral, Paulo Carril, destacou que a mellor homenaxe e lembranza que se lle pode facer a Amador e Daniel, ás loitas de marzo do 72, “é anovar o compromiso na firme decisión de intensificar a acción sindical para mellorar na loita e na mobilización, para conquistar dereitos e conseguir políticas alternativas ante os gobernos e a patronal, para a transformación da realidade galega, no obxectivo estratéxico que temos da conquista dunha Galiza ceibe e sen explotación”.

Nun momento como o actual, no que ter un emprego xa non garante os ingresos mínimos necesarios para vivir con dignidade e acceder a dereitos básicos como son a alimentación, a enerxía ou a vivenda, cómpre saírmos a rúa para rematar coa precariedade, co abuso da contratación a tempo parcial e fixa descontínua en todos os sectores públicos e privados.

“Temos que mobilizarnos para exixir unha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora galega”, instou Carril. Alertou que hoxe en día, máis do 50% das familias en pobreza teñen

emprego e unha de cada tres persoas traballadoras tiveron ingresos inferiores ao SMI, sendo especialmente exemplo desta realidade, as mulleres e a mocidade.

Marco propio

Mais tamén hai que intensificar a mobilización para reclamar a urxente posta en marcha dun Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e reforzo dos servizos públicos en Galiza; e porque necesitamos facer realidade un Marco galego de relacións laborais.

“Un marco propio para poder exercer o dereito a negociar e decidir en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica”, aseverou Carril.

Por estas razóns, a CIG mobilizouse baixo o lema “STOP precariedade. Traballo digno. Por un Marco galego de relacións laborais”. Reivindicacións que se insiren na campaña contra a precariedade que a central sindical puxo en marcha no mes de xaneiro, coincidindo cos dous anos da entrada en vigor da última reforma laboral.

Neste tempo confirmouse o que a CIG xa denunciara no seu día: que as medidas recollidas nesta reforma, xunto cos recortes de dereitos que impuxo a reforma de 2012 que non foi derogada, ían supoñer que a maioría social vería empeoradas aínda máis as súas condicións laborais e salariais.

Neste contexto, Carril chamou a “ir a máis” na capacidade de ampliar o potencial de crear sindicato, de organizar a clase traballadora galega, para confrontar o roubo e o saqueo que estamos a vivir. Porque estes gobernos, “que negan o recoñecemento de máis dereitos e que os substitúen por programas de beneficencia social”, contan coa complicidade de UGT e CCOO “que aplauden e se suman ás medidas de axuste a través do diálogo social, verdadeiro enterrador de dereitos para a clase traballadora”.

O V AENC “é o último exemplo do nivel de entreguismo e renuncia sindical que practican ambos os sindicatos ante a patronal”. “Temos que ter unha firme e atrevida decisión na acción sindical, maiores esforzos na construción de organización social, de poder popular, para avanzar na conquista de dereitos, lograr políticas alternativas e conquistar o dereito a poder vivir e traballar dignamente na nosa terra”.



Paremos o xenocidio! Palestina libre!

Levamos meses asistindo con espanto ao masacre que o Estado sionista de Israel –amparado polos Estados Unidos e pola mesma Unión Europea, incluído o Estado español– está a perpetrar en Palestina. Un masacre que se pode e se debe cualificar como un auténtico xenocidio. O goberno israelí, co ultradereitista Benjamin Netanyahu á fronte, está a levar adiante unha campaña de limpeza étnica e de exterminio, que só desde o 7 de outubro xa se cobrou a vida de máis de 30.000 persoas, das cales máis dun terzo eran crianzas.

Ademais da atroz perda de vidas humanas de poboación civil, a ofensiva sionista sobre Palestina, e nomeadamente sobre a Franxa de Gaza, está a provocar a destrución de milleiros de fogares e de infraestruturas básicas, entre as que cómpre incluír non só escolas e universidades, senón tamén hospitais, xerando o caos e o terror máis absoluto na indefensa poboación palestina.

Por se isto fose pouco, Israel está a limitar terriblemente o acceso a fornecementos básicos (auga, alimentos, medicinas, electricidade, combustíbeis...), mesmo impedindo por medio da violencia a súa chegada á Franxa. Isto está a condenar a milleiros e milleiros de persoas a pasaren sede e fame, e a estaren abocadas á desnutrición e a todo tipo de enfermidades, constituíndo isto un delito de lesa humanidade que non debería quedar impune a ollos da Historia.

Esta campaña de limpeza étnica e de exterminio do pobo palestino conculca os dereitos humanos máis elementais e de ningunha maneira pode ter amparo no chamando “dereito á defensa” que adoitan invocar tanto os líderes sionis-

tas como os seus aliados dos gobernos occidentais. Neste conflito só hai un único agresor, e ese agresor é o Estado Israel, e a súa vítima é o pobo palestino. Unha ocupación e un xenocidio que

conta co visto e prace do imperialismo norteamericano e os seus vasallos, como os gobernos da UE, que seguen a subministrar armas e apoiar abertamente o a Israel.

Apoio ás mobilizacións

Lamentablemente, a chamada comunidade internacional –coa ONU á cabeza– estase vendo incapaz de intervir no conflito, intervención que no máis inmediato pasa polo cesamento do fogo por parte do exército invasor e o establecemento de corredores seguros para a chegada de axuda humanitaria para a poboación palestina.

Con todo, si hai nacións e gobernos que están a demandar que cesen os ataques sobre Palestina e que sexa respectado o seu dereito á libre determinación, como o de Lula da Silva no Brasil. Así mesmo, estanse producindo importantes mobilizacións da sociedade civil en practicamente todo o mundo, en solidariedade co pobo palestino e denunciando o xenocidio que está a levar adiante o Estado sionista de Israel.

En Galiza, desde hai anos, véñense realizando manifestacións e outras accións mobilizadoras en defensa da causa palestina, xa que é sabido que este conflito non comezou o pasado mes de outubro, senón que ten as súas raíces na ocupación colonial de territorio palestino levada a cabo por Israel desde mediados do século pasado.

Desde o sindicalismo nacionalista e de clase que representa a CIG facemos un chamamento á clase traballadora galega a que faga súa a causa do pobo palestino e a que participe activamente das mobilizacións convocadas no noso país, para que se deteña xa este auténtico xenocidio que está a perpetrar Israel e para que se faga valer o dereito de autodeterminación do pobo palestino, un pobo hoxe tristemente masacrado e condenado pola barbarie sionista.